


CLUB NAUTICO SAN TELMO

Club Náutico San Telmo

Estatutos



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.

O Club Náutico San Telmo é unha Asociación Privada coa personalidade xurídica e capacidade de obrar da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.

O Club Náutico San Telmo practicará coma principal modalidade deportiva a de MOTONÁUTICA e afiliarse a Federación Galega de Motonáutica, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

O Club Náutico San Telmo practicará así mesmo as modalidades deportivas de VELA, ESQUÍ NÁUTICO, ... para o que funcionarán as seccións deportivas correspondentes, que se adscribirán ás respectivas Federacións.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.

O Club Náutico San Telmo someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente.

b) B) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) O Club Náutico San Telmo poderá gravar ou enaxenar bens inmoables, tomar cartos e préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que se cumpra cos seguintes requisitos:


1. Que tales operación sexan autorizadas por a maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

2. Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou actividade físico-deportiva que constituía o seu obxecto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3. Cando se trate de tomar cartos a préstamos en contía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual ó valor do patrimonio, así como nos supostos de emisión de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.

O Club Náutico San Telmo poderá recibir libremente doazóns que non excedan da cantidade de 500.000 pesetas. No suposto de doazóns que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

Artigo 5º.

O domicilio social fíxase en Tui na rúa Calvo Sotelo 17, baixo – correspondencia apartado de correos 66 de Tui – C.P. 36.700, teléfono 986.60.24.64, debendo en caso de variación, dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O Club Náutico San Telmo tamén contará cos seguintes locais e instalacións propias: un local en trámite para o desenvolvemento de actividades propias do Club.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBLIGACIÓNS

Artigo 6º.

O número de socios será ilimitado; A Xunta Directiva poderá suspender sen embargo, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º.

Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexa cualificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumprir a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 8º.

Primeiro: Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da Asociación
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenvolvemento das mesmas e o establecidos no presente Estatuto
- c) Separarse libremente da Asociación
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinala súa documentación previa petición razoada da Xunta Directiva.
- e) Expoñer libremente no seo da Asociación
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigacións dos socios de número

- a) Abonar as cuotas que esixa a Xunta Directiva
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade disposicións onde a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno da Sociedade.



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

Terceiro: Os socios aspirantes terán dereito á disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.

Para ser admitido como socios, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas ou Solicitud por escrito dirixida á Xunta Directiva
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente

Artigo 10º

A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia
- Por falla de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos

CAPITULO I I I

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º

Son Órganos de representación e goberno do CLUB NÁUTICO SAN TELMO, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral

Artigo 12º

Primeiro:A Xunta Directiva estará formada por un número de membros no inferior a cinco nin superior a vinte. O fronte dela haberá un Presidente e formarán parte da mesma un Secretario e un Tesoureiro.

Segundo. O presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva..

Terceiro: Corresponderá á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, á Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se crean, así como organiza-las actividades do Club.



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade , en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenrolo do deporte.

Artigo 13º

Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo:A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dou días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou mais dos seus membros.

Artigo 14º

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, anque no se convocara convocatoria previa.

Artigo 15º

Primeiro: O Tesoureiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará os recibos e autorizará os pagos e levará os libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.


Artigo 17º

A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos Olímpicos.

Artigo 18º

Primeiro: A Asemblea Xeral é o Órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

Artigo 19º

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:
 - a) Memoria, liquidación de presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación. Se procede.
 - b) Presuposto para o exercicio seguinte.
 - c) Proxectos e propostas da Directiva
 - d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
 - e) Rogos e Preguntas.
2. Deberá celebrarse Asemblea Xeral extraordinaria para modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación das cuotas dos socios.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º

O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade

Artigo 21º

No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargo de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación

Tamén se especificarán as datas de alta e baixas e as de toma de posesión e cese no nos cargos aludidos

Artigo 22º

Nos Libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas asinaranse en todo caso polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º

Nos libros de Contabilidade figurarán tanto patrimonio como os dereitos e obrigações, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

ESTATUTOS

CAPITULO V

SECCIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 24º

Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º

Cada sección deportiva ocuparase de todo o relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISIÓN DE TITULOS DE DEBEDA OU PARTE ALÍCUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º

O Club Náutico San Telmo poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial. Os titulares serán nominativos.

Artigo 27º

1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.
2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28º


Os Títulos de débeda só poderán subscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º

Os Títulos de parte alícuota patrimonial serán, asemade subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferibles unicamente entre os que teñan a condición de socios.



CLUB NAUTICO SAN TELMO

ESTATUTOS

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

Artigo 31º

Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derrogarse por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorable dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos para a súa aprobación.

Artigo 32º

O Club Náutico San Telmo extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria, que se celebrará a tal fin, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º

Disolto o Club Náutico San Telmo o remanente do seu patrimonio social, se houbera, reverterá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.